



## **A APDR PARTICIPARÁ NA REUNIÓN DA COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE DO PARLAMENTO EUROPEO**

Unha delegación da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) acudirá o vindeiro MÉRCORES día 2 a Bruxelas para participar na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo que vai abordar a problemática do saneamento da Ría de Pontevedra. Nesta reunión, a APDR –que viaxa invitada pola parlamentaria europea Lidia Senra, da AGE- expoñerá as súas posicións ao respecto da necesidade de eliminar o principal foco de contaminación da Ría, que non é outro que o complexo ENCE-ELNOSA que o goberno do PP pretende consolidar no seu actual emprazamento en Lourizán mais aló do 2018, ano no que vence a actual concesión administrativa.

Ao tempo, a APDR tratará de interesarse pola situación da denuncia presentada en maio de 1999 diante da Dirección Xeral de Medio Ambiente da UE, na que a Asociación ecoloxista esixía iniciativas europeas para conseguir a eliminación dos vertidos na Ría, denuncia que incluía aos vertidos de ENCE e que deu lugar a apertura dun procedemento sancionador contra o Estado español.

A APDR entende que só coa eliminación definitiva dos vertidos de ENCE e a depuración eficaz das augas de vertido domésticas, será posíbel conseguir que o saneamento e a recuperación da Ría para a explotación racional dos recursos naturais e a creación de postos de traballo nestes sectores, sexa realidade. Calquera outra medida rematará sendo un novo parche que, lonxe de solucionar o problema, adiará a súa solución e levará inevitabelmente á morte da Ría e á perda definitiva da calidade de vida da veciñanza. Neste sentido, reiteramos a nosa firme oposición a calquera prórroga ao complexo ENCE-ELNOSA e o noso compromiso coa loita pola súa desaparición e o saneamento e recuperación ambiental e económica da Ría, verdadeiro motor da nosa comarca.

Pontevedra, 29 de novembro de 2015

Asdo.: Antón Masa